

PROVIDENCIA

Inicio de expediente de aprobación de disposición de carácter xeral regulamentaria: Ordenanza reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario do Ciclo Integral da Auga.

Visto o texto do proxecto de modificación da Ordenanza reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias do Ciclo Integral da Auga do Concello de Carballo, realizado como consecuencia do expediente de revisión de prezos do contrato de xestión do servizo público do Ciclo Integral da Auga, segundo o previsto na Cláusula 32.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe o mesmo, e ao abeiro do procedemento regulado no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, procede acordar o inicio do expediente de aprobación da modificación da Ordenanza.

En virtude do sinalado no artigo 133.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das AA.PP., con carácter previo á aprobación do regulamento, deberase publicar o texto da normativa proposta no portal web do Concello, a efectos de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan se realizar. Aínda que neste caso tan só se trata da adaptación preceptiva ás normas reguladoras do contrato do servizo público do que a Ordenanza regula as súas tarifas, téndose substanciado o trámite no momento da súa aprobación por primeira vez, procédese, igualmente, a seguir o trámite antes citado.

Por tal motivo, polo medio da presente providencia, ordéase a inserción do Texto do anteproxecto na web municipal, e a súa exposición pública aos efectos do previsto no art. 133 da Lei 39/2015, por un prazo de DEZ DÍAS NATURAIS, durante os cales os interesados poderán examinar o borrador do anteproxecto, e remitir cantas aportacións ou suxerencias estimen oportunas. As mesmas deberán ser remitidas por medio de correo electrónica ao enderezo electrónico servizotributarios@carballo.gal

Rematado o prazo de exposición pública, as aportacións e suxerencias recibidas incorporaránse ao expediente para continuar a súa tramitación conforme ás previsións contidas no artigo 49 da Lei 7/1985.

O ALCALDE,
Evencio Ferrero Rodríguez

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe